

Artigo 5º

1.- Son fins principais da asociación:

- a.- Realizar cantas iniciativas se consideren oportunas para preservar, potenciar e protexer o medio natural.
- b.- Potenciar o seu desenvolvemento sostible e a protección da saúde.
- c.- A defensa do patrimonio natural, medioambiental.
 - i.- Favorecendo a aparición de parques públicos, e outros espazos se así o demandan colectivos veciñais.
 - ii.- Denuncia da contaminación que cause molestias ós veciños.
 - iii.- Cooperar na defensa dos contornos naturais. ríos, montes, e outras zonas de interese natural.
- d.- Denunciar a aquelas empresas que causen ou poidan causar danos importantes no medio ambiente e na saúde, prexudicando a calidade de vida dos cidadáns.
- e.- Esixir ás administracións públicas, no seu respectivo ámbito de competencias, o cumprimento dos dereitos recoñecidos pola Lei Orgánica 1/2002, as súas normas de desenvolvemento e os regulamentos municipais, en orde a:
 - i.- Recibir información directa dos asuntos que son de interese común.
 - ii.- Participar das subvencións públicas para o desenvolvemento de proxectos e actividades.
 - iii.- Establecer convenios de colaboración en programas de interese xeral.
 - iv.- Ser declaradas de utilidade pública.
 - v.- Intervir en tódolos ámbitos das administracións públicas para defende-los intereses xerais dos veciños.
 - vi.- Utiliza-los medios públicos (locais, salas de reunión, centros sociais, radios, etc) para o exercicio das súas funcións de representación e defensa dos intereses dos veciños.
 - vii.- Exercita-lo dereito á iniciativa popular.
 - viii.- Ser escoitada nos Plenos e Comisións municipais nos asuntos que afecten de modo particular ou xeral (elaboración de disposicións xerais) ós veciños do seu ámbito territorial.

Artigo 9º.- Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a.- Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exerce-lo dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
- b.- Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c.- Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- d.- Impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- e.- Posuír un exemplar destes Estatutos e do Regulamento de Réxime Interior, e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.

Os asociados e asociadas honorarios e xuvenís non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela. Os asociados e asociadas honorarios están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10º.- Son obrigas dos asociados e asociadas:

- a.- Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- b.- Paga-las cotas que se establezan.
- c.- Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
- d.- Acatar e cumpri-los acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- e.- Acata-lo contido dos estatutos.